


Lápida de Antonino Pio de Nocelo da Pena

06015303

Datos de Localización

Inscrición

Inmoble:	Xacemento do San Pedro
Localización:	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Coord. UTM	X: 61810072 Y: 465901993
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	NOCELO DA PENA
Lugar:	Nocelo da Pena
Tipoloxía:	Epigraffa
Tipo:	Inscricións
Subtipo:	Inscripción
Denominación:	Lápida de Antonino Pio de Nocelo da Pena



Características

Etapas Históricas: Alto Imperio Romano

Estilo:

Descrición:

Lápida honorífica procedente de Nocelo da Pena. Estaba formando parte da fachada da ermida de San Pedro e cando esta se arruina, o abade de Nocelo da Pena, don Antonio Bugallal, trasládaa en 1835 ao adro da igrexa parroquial de San Lourenzo, facendo con ela e outras tres inscricións máis o pedestal dun cruceiro. Posteriormente, en 1897, o bispo don Pascual Carrascosa y Gabaldón doounas ao Museo Arqueolóxico de Ourense.

Trátase dunha placa rectangular, con bastantes repicados nas arestas laterais, faltándolle un anaco no ángulo superior dereito. Presenta unha inscrición que ocupa toda a fronte da peza, distribuída en nove liñas, con letras ciceladas, de 6 cm. de altura:

Inscripción:

[I]mp(eratori) caes(ari) divi H[ad]
riani f(ilio) divi Traian[i]
[p]arthici nep(oti) divi
Nervae pronep(oti)
[T(ito)] Aelio Hadriano
Antonino aug(usto) pio
pont(ifici) max(imo) trib(unicia) pot(estate)
III co(n)s(uli) III p(atri) p(atriciae)
(C)ivita[s] Limicorum.

Tradución:

A "civitas" dos Límicos fai esta adicatoria ao emperador César Augusto Tito Aelio Adriano Antonino Pio, fillo do divino Adriano, neto do divino Traxano pártico, bisneto do divino Nerva, pontífice máximo, posuíndo a potestade tribunicia pola cuarta vez e sendo cónsul pola terceira e pai da patria.

Datación: ca. 140 d.C.

Autoría:

Materiais: Granito

Carac. Técnicas: Labrado

Alto: 64 cm.

Ancho: 79 cm.

Profundo: 10 cm.

Diámetro: 0 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos: ☐

Perda Policromía: ☐

Perda Material: ☐

Observacións: Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este ben moble está sometido ao réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

Bibliografía: BARROS SIVelo, R., *Antigüedades de Galicia*. A Coruña, 1875, p. 193.
FLÓREZ, E., *España Sagrada*. XII prolog. e XVII, Madrid, 1721, p. 12.
LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, p. 38, nº 10.
MACÍAS GARCÍA, M., "Civitas Limicorum", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. I, nº 6, 1899, p. 90.
OSABA Y RUÍZ DE ERENCHUN, B., "Museo Arqueológico de Orense: la epigrafía romana del Museo", en *Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales*, t. IX-X, Madrid, 1948-49, p. 102.
RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Galicia meridional romana*. Universidad de Deusto, Bilbao, 1977, p. 388.
RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp. 432-433.
VÁZQUEZ NÚÑEZ, A., "La epigrafía latina en la provincia de Orense", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. I, nº 3, Ourense, 1898, p. 46.

Documentación: Ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32078001.

